

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROBAS

*DATA PUBLICACIÓN: [16/06/2023]*

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROBAS

### TRIBUNAIS DE FÍSICA E QUÍMICA Nº 1, 2 e 3

#### PRIMEIRA PROBA.

Parte A: desenvolvemento dun tema

Desenvolver o tema coa maior profundidade e rigor científico.

Presentar e definir todos os contidos relevantes no desenvolvemento do tema.

Mostrar coherencia dos contidos e adecuada ordenación dos mesmos.

Dominar a linguaxe científica propia do tema.

Presentar con limpeza, orde, claridade e precisión o tema.

Mostrar bibliografía e referencias específicas do tema, con precisión, de ser estas pertinentes.

Parte B: unidade didáctica

Contextualizar, xustificar e temporalizar adecuadamente respecto ao nivel educativo elixido, tendo en conta as características do grupo de alumnas e alumnos.

Establecer relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave traballados na unidade didáctica.

Definir mínimos de consecución establecendo un peso específico para cada criterio de avaliación.

Describir unha metodoloxía clara e coherente co logro das competencias clave, con actividades de ensino e aprendizaxe variadas, graduadas en dificultade, especificando distintos tipos d agrupamentos e as formas de organización do espazo e dos tempos en funcións dos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado, con modificacións concretas para o alumnado NEAE.

Establecer medidas de atención á diversidade diferenciando entre ordinarias e extraordinarias acordes ás necesidades do alumnado, empregando pautas concretas para o alumnado NEAE a partir dos distintos protocolos de atención á diversidade.

Describir procedementos e instrumentos de avaliación, coherentes cos criterios de avaliación e os mínimos de consecución, adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe e á diversidade do alumnado.

Describir criterios de cualificación e medidas de recuperación/reforzo do alumnado.

Mostrar claridade e fluidez na exposición.

Expoñer con autonomía e solvencia comunicativa, sen recorrer á lectura de documentos.

Empregar recursos adecuados e dominar as técnicas docentes.

Utilizar a normativa como soporte ás explicacións.

(A rúbrica está publicada no anexo VII da ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres).